

MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE



Save the Children



XI Edición
Día do libro
Solidario

Proposta Didáctica

DOSSIER


Esta guía didáctica está composta dun dossier informativo da situación da infancia en conflito armado e de propostas de traballo na aula para todos os ciclos educativos. O seu obxectivo final é completar o traballo realizado polo profesorado e apoialo na educación en valores de solidariedade, respecto e cooperación, aportando luz sobre a realidade da infancia no mundo.

Dirección:
Marisol Paniagua

Colaboración:
M^a Luisa Ortega del Val

Arte e maquetación:
Germán Gullón

Edita:
Save the Children España



INTRODUCCIÓN

Durante o curso 2018-2019 celebramos cos centros educativos do país a XI edición de «Marcapáxinas pola Solidariedade», unha proposta enmarcada no Día do Libro escolar cun dobre obxectivo:

- Sensibilizar sobre a importancia da educación en zonas de conflito e que as escolas sexan sempre un lugar seguro para os nenos.
- Recoller fondos que nos permitan traballar en proxectos de educación, supervivencia e protección dos menores vítimas de conflitos armados.

Todos podemos facernos unha idea do dura que sería a nosa vida no medio dunha guerra, pero ¿somos capaces de imaxinarnos como a vive un neno ou unha nena que non entende por que a súa vida cambiou da noite á mañá?

Neste dossier intentaremos contarvos algún dato que nos axude a comprendelo.

INFANCIA EN CONFLICTO

Que significa ser neno nunha guerra?

Ser un neno ou nena vítima dun conflito non significa ser unicamente alguén que tivo que abandonar o seu país por causa dunha guerra ou que vive baixo as bombas, significa que che arrebataron a infancia. A guerra pon patas arriba o mundo do neno. Todo o que para el ou ela representaba algún tipo de seguridade está esnaquizado: a súa casa destruída, dificultades de acceso para a súa comunidade a auga potable limpa e aos alimentos básicos, imposibilidade de acudir á escola xa sexa porque está pechada ou porque a viaxe resulta perigosa, hospitais saturados de vítimas do conflito. Aspectos como estes levan a que se vexan obrigados a fuxir para salvar a vida, no mellor dos casos en compañía dos seus pais e, en ocasións sós, emprendendo unha viaxe incerta e chea de perigos ao longo da cal moitos deles se converten en vítimas da violencia máis extrema.

Os menores refuxiados constitúen un dos colectivos máis vulnerables. Contan con cinco veces máis posibilidades de **non acudir á escola** que un neno que non sexa refuxiado. Os máis afortunados chegan a lugares seguros, pero alí a súa vida tampouco resulta doada. Nestes casos **a escola convértese nun refuxio dentro do refuxio**, un lugar no que poden recuperar a esperanza e, sobre todo, no que podemos ver que recuperan a alegría. Comezan a ser nenos e nenas outra vez.

Algúns datos que nos axudan a comprender a magnitude do problema



357 357 millóns de nenos e nenas viven en zonas de conflito. Este dato supón que 1 de cada 6 nenos vive exposto á violencia.

60 Existen 60 millóns de persoas desprazadas no mundo, e máis da metade son menores de 18 anos.

28.300 Cada día, 28.300 persoas vense obrigadas a fuxir dos seus fogares debido a conflitos e persecución.

17 O período medio que unha persoa pasa como refuxiada é de 17 anos. É dicir, toda a infancia.



3 Máis da metade das persoas refuxiadas pertencen a tres países: Siria, Afganistán e Sudán do Sur.

8 A metade da poboación siria despois de case 8 anos de conflito está desprazada dentro ou fóra do país.

Un dos peores lugares do mundo para ser neno

A guerra de Siria entra no seu oitavo ano e non parece atopar solución; a situación continúa a ser grave. 11 millóns de sirios abandonaron os seus fogares e case 3 millóns permanecen en zonas asediadas de difícil acceso, os nenos e nenas necesitan comida, auga e atención médica. 2 de cada 3 perderon algún ser querido, viron a súa casa bombardeada ou sufriron lesións. Os distintos grupos armados do conflito seguen a bombardear escolas e instalacións médicas e continúan atacando a civís. Unha xeración de nenos crece sen coñecer outra cousa que a guerra e está a perder a súa educación e o seu futuro.



O NOSO TRABALLO

En 2017, Save the Children proporcionou resposta sobre o terreo actuando en 43 conflitos en todo o mundo, co obxectivo de protexer os nenos e nenas, defendendo os seus dereitos e axudándoos a continuar a ser efectivamente nenos. Este traballo desenvolveuse grazas a doantes, institucións e, como no caso dos nosos programas en centros escolares, a nenos que axudan a outros nenos a través do seu esforzo e compromiso. **Durante este curso, en 2019, cumpriremos 100 anos, unha data para celebrar cun gran reto: Un millón de nenos e nenas que axudan a outro millón de nenos aos que a guerra arrebatou os seus soños.** Estamos seguros de que imos conseguilo.

No caso da **guerra en Siria**, atendemos a nenos desprazados e refuxiados nos nosos “Espazos seguros amigos da infancia”, tanto en Xordania, Líbano, Iraq, Exipto como dentro da propia Siria. Neste lugares proporcionánelles axuda psicosocial e ofrécense actividades destinadas especialmente a que os nenos que presenciaron feitos traumáticos poidan superar a súa angustia e comezar a recuperar a súa infancia.

O campo de refuxiados de Zaatari


Creado o 28 de xullo de 2012, próximo á fronteira norte de Xordania con Siria, como solución temporal para os sirios que fuxían da guerra no seu país. Despois destes anos, o que se pensou como algo temporal converteuse nun asentamento de máis de 80.000 persoas que xa non podían vivir durante máis tempo en tendas de campaña e que na actualidade viven en refuxios temporais dunha maneira máis organizada, aínda que dependendo sempre da solidariedade internacional e das distintas organizacións non gobernamentais.

Algúns aspectos que cómpre ter en conta para entender a vida en Zaatari.

5,3 A superficie do campo é de 5,3 km²

1/5 1 de cada 5 fogares está encabezado por unha muller.

80 Prodúcese unha media de 80 nacementos semanais y de 14.000 consultas médicas.



Carecen de auga corrente e a electricidade funciona de maneira descontinua.

21.400 Hai 21.400 nenos e nenas escolarizados en 31 escolas e 58 centros comunitarios.

0-45 As temperaturas oscilan entre 0° en inverno e 45° en verán.



O noso traballo en Zaatari

Save the Children Xordania estivo traballando desde o nacemento do campamento para mellorar as condicións de vida e as oportunidades dos nenos, nenas e xente moza desenvolvendo programas que inclúen educación, saúde e nutrición, protección e atención á pobreza infantil.



EDUCACIÓN

Tanto para os nenos e nenas refuxiados que viñeron a vivir ao campo como para aqueles que naceron xa nel, contar con acceso a unha educación é fundamental tanto para mellorar as súas oportunidades de futuro como para o seu benestar emocional e psicolóxico. Crear rutinas, aprender e dispoñer dun contorno seguro e amigable onde poder xogar no medio dun espazo como o campo de refuxiados, axuda á estabilidade emocional dos nenos e nenas.

O noso obxectivo é mellorar os seus resultados de aprendizaxe e o seu benestar. Para iso puxemos en marcha **12 centros** nas comunidades de acollida para proporcionar educación e servizos de atención á infancia. **5.000 nenos e nenas** pasan ao ano polos Centros de Educación Temperá.



SAÚDE E NUTRICIÓN

Nais, neonatos e nenos e nenas menores de cinco anos necesitan coidados especiais. Por iso o enfoque dos nosos programas de saúde e nutrición está dirixido especialmente a eles, que son os máis vulnerables. Promovendo as mellores prácticas para a lactación materna e brindando orientación ás mulleres embarazadas e ás nais, conseguimos diminuír o risco de mortalidade infantil no campo.

1.035 nenos e 165 mulleres embarazadas e nais lactantes foron tratados por desnutrición nun ano. Adestramos 96 profesionais sanitarios de clínica e voluntarios comunitarios nos campos de refuxiados para detectar casos de desnutrición. Apoiamos o labor de 17 centros de alimentación para nenos e xente moza que atenden a 43.000 mulleres embarazadas e lactantes nos campamentos e comunidades de acollida. Repartimos pan cada día a **74.000 refuxiados.**



PROTECCION INFANTIL

Os programas de protección infantil de Save the Children en Xordania tratan de conseguir cambios duradeiros para garantir que os nenos e as nenas se atopen seguros e protexidos. Facémolo a través de programas e accións adaptadas ás súas circunstancias e necesidades.

Apoiamos **3 centros de acollida y de actividades** para ofrecer á xente moza do campo de refuxiados oportunidades educativas. Ademais, **evitáronse 38 matrimonios infantís** a través de sesións de sensibilización.

ACTIVIDADES

Desde Save the Children queremos que os centros escolares se sumen ao noso Día do Libro solidario a través da nosa campaña «Marcapáxinas pola Solidariedade». A solidariedade é unha emoción sentida de cambiar o mundo, de querer facer del un lugar máis xusto: transmitir esta emoción a nenos, nenas e á xente moza é axudar a construír habilidades para estar ben consigo mesmo e comprometerse co que te rodea.

A lectura conéctanos coa realidade, cos valores que reforzar, coas emocións. Nenos, nenas e adolescentes viven experiencias a través dos contos e os libros, desenvolven habilidades, descubren, escoitan, comezan a sentir o que outros senten, poñen nome ás emocións, e viven cuestións primordiais para a convivencia entre seres humanos.

OBXECTIVOS

- Favorecer experiencias educativas transformadoras no centro escolar, onde a participación pola defensa dos dereitos humanos e dereitos específicos da infancia nos axuda a mirar ao exterior.
- Espertar a emoción e implicación por formar parte dun mundo máis xusto a través do fomento da lectura.

CONTIDOS

- Solidariedade, mundo, conflito bélico
- Ideas, mensaxes, escolas seguras
- Dereitos humanos e dereitos específicos da infancia
- Refuxiados sirios

COMPETENCIAS

- Percepción e descubrimento
- Escoita e comprensión
- Análise e reflexión
- Expresión oral, escrita e artística
- Creatividade
- Traballo en grupo e acordo
- Responsabilidade individual e colectiva



METODOLOXÍA

- Realízanse actividades por idades reforzando a escoita, a comprensión, a percepción, o traballo en grupo e o descubrimento.
- Utilizamos a lectura de libros e contos como soporte de desenvolvemento humano, análise e reflexión construtivo-creativa.
- A participación, a implicación solidaria individual e colectiva, e a expresión creativa (murais, marcapáxinas, debuxos, creación literaria...) son o soporte para transmitir emocións e vivir experiencias.

AVALIACIÓN

Ao finalizar a proposta didáctica propoñemos ao profesorado e ao alumnado achegar a súa opinión sobre o resultado da actividade e enviar a documentación que consideren oportuna a Save the Children.

Combinar lectura e solidariedade fainos mirar ao exterior, identificarnos co outro, saber que todos temos dereito a vivir con paz e xustiza. A educación ten un papel importantísimo na capacidade de transformar, facer aflorar habilidades e sentimentos para que a infancia e a xuventude estean ben consigo mesmas polo seu propio ben, polo ben colectivo, o da humanidade e de todo o planeta.

As organizacións de axuda humanitaria e cooperación necesitamos das persoas; das familias, dos profesionais da educación, dos estados e de toda a sociedade civil para defender os dereitos humanos e dereitos específicos da infancia, a través da implicación e a colaboración



«O NOSO LIBRO SOLIDARIO: UN MUNDO MELLOR»



PROPOÑÉMOSCHE

Realizar un libro solidario cos nenos e nenas da clase, ciclo ou etapa. Un libro chamado *Un mundo mellor*.

MODO DE REALIZALO

1. Descubrir os contos

Suxerimos a nenas e nenos que leven contos da casa para intercambiar e compartir entre os participantes. Nenas e nenos observan, descubren os contos e buscan cousas coas pautas da profesora; buscamos... animais, partes do corpo, amigos, froitas, zapatos, sombreiros, comidas, xoguetes... Na última pauta a profesora pide ao grupo buscar algo que lles guste moito, moito... co que se quedarían para estar mellor, para un mundo mellor: un abrigo, unha ovella, unha pelota, un pastel...

2. Completa o mundo en cartolinas de cores

A profesora realiza cartolinas de cores de 20x20 cm aprox., debuxa nelas un círculo grande que imita o mundo e reparte a cada participante unha cartolina de cor. Dentro escriben con letras grandes o elixido por cada participante, nenas e nenos imitan a palabra escrita pola profesora con pinturas de cores ou escribena eles mesmos.

3. Dar forma ao libro *Un mundo mellor* e aos marcapáxinas.

A profesora une os «mundos-cartolinas» de forma creativa: engade unha portada, fai un mural, forma unha cadea... Nenos e nenas debuxan círculos de cores imitando o mundo nos marcapáxinas e escriben a frase «un mundo mellor».

NECESITAS

Contos, cartolinas de cores de 20x20 cm por participante, rotuladores gordos, pinturas e marcapáxinas solidarios.

SUXESTIÓNS

As creacións realizadas pódense mostrar no centro escolar como exposición da etapa de Educación Infantil.

AO FINALIZAR

Todos os participantes len xuntos o libro creado *Un mundo mellor*.

«A LECTURA FAIME SENTIR BEN»



PROPOÑÉMOSCHE

A reflexión sobre a lectura como vehículo de igualdade e a expresión de por que nos pode facer sentir ben.

MODO DE REALIZALO

1. Elixir un conto na casa

Os participantes elixen un conto ou libro que os fixese sentir ben e móstrano na clase.

2. Coñecemos a Aya

A profesora presenta a unha nena que se chama Aya, ten 7 anos e é de Siria. O conflito no seu país estalou cando era moi pequena e nunca puido ir á escola. Nenos e nenas poden ver a súa historia en:



[savethechildren.es/trabajo-ong/
educacion/educacion-y-conflictos](https://savethechildren.es/trabajo-ong/educacion/educacion-y-conflictos)

3. Traballamos en grupo

A profesora realiza grupos de tres participantes, que reflexionan sobre a historia de Aya, preguntándose como cren que puido ser a súa vida despois de empezar a escola. E proponlles que elixan un libro ou conto dos mostrados en clase que consideren que pode facer sentir ben a Aya, e que expliquen ao resto dos participantes por que a pode facer sentir ben.

4. Decoramos marcapáxinas

Conclúese a actividade decorando marcapáxinas solidarios coa frase «A lectura faime sentir ben».

NECESITAS

Contos, ordenador, marcapáxinas, pinturas e rotuladores.


SUXESTIÓNS

Os marcapáxinas ofrécense á familia para apoiar os proxectos de Save the Children sobre escolas seguras en conflitos armados e a nenos como Aya.

AO FINALIZAR

Nenos e nenas realizan unha rolda de respostas coa pregunta: A lectura faivos sentir ben?

«A LECTURA É UNHA FIESTRA AO MUNDO»



PROPOÑÉMOSCHE

Que nenos e nenas se paren a escoitar e expresar emocións a través da lectura e a escritura, sentindo o valor das persoas.

MODO DE REALIZALO

1. Damos vida aos libros

Cada participante elixe o día anterior un libro que lle guste da biblioteca ou da casa, e intenta mirar dentro do libro, respondendo as seguintes preguntas: Que cres que sentiría este libro se tivese vida?, que cres que soña?, que cres que necesita? Os participantes realizan unha chuvia de ideas coas respostas.

2. Unha historia traballada en grupo

A profesora realiza grupos de traballo de 5 participantes. Cada grupo le *Recogiendo los pedazos* da web de Save the Children www.savethechildren.es/publicaciones/recogiendo-los-pedazos (informe en inglés) e ve o vídeo [O meu día a día no campo de refuxiados de Zaatari](#).

Cada grupo ten 10 minutos para comezar unha historia que ten por título *Unha fiestra ao mundo*: nela expresan a interpretación do escoitado, respondendo ás preguntas: Que senten os nenos e nenas sirios vítimas de conflito?, que necesitan os nenos e nenas sirios?, que soñan nenos e nenas que viven nun conflito? Os grupos presentan cada unha das narrativas realizadas e expóñenas nun mural de clase.

3. Decoramos marcapáxinas solidarios

Cada participante finaliza a actividade decorando marcapáxinas coa frase «A lectura é unha fiestra ao mundo».

NECESITAS

Visitar a biblioteca escolar ou municipal, a publicación *Recogiendo los pedazos*, folios, bolígrafos, cartolinas para mural, pegamento e marcapáxinas solidarios.

SUXESTIÓNS

O artigo *Recogiendo los pedazos* pódeo ler o profesor en voz alta para todos os grupos xuntos, e segundo a idade dos participantes pode omitir ou remarcar o que considere de maior importancia para a súa comprensión e sensibilidade.

AO FINALIZAR

Realízase unha rolda de respostas á pregunta: Que viches ao abrir a fiestra do mundo?



«CADA LIBRO É UN MENSAXEIRO»

PROPOÑÉMOSCHE

Dar a coñecer que os libros transportan ideas, pois a lectura leva o pensamento dunha persoa a través do tempo.

MODO DE REALIZALO

1. Traballo en grupo

Realízanse grupos de traballo de tres participantes, cada grupo pensa en dous libros que considera que levaron o pensamento dunha persoa a través do tempo e póñeno en común.

2. O noso obxectivo é levar unha mensaxe

Neste Día do Libro solidario queremos levar a mensaxe «*Hai nenos e nenas que viven en conflitos armados, necesitan sentirse protexidos e ter escolas seguras onde poder comezar a refacer as súas vidas*». A profesora selecciona antes da actividade dez libros que considera interesantes para cada idade, reparte un libro por grupo e cada grupo busca mensaxes neles, mensaxes que defendan os dereitos de nenas e nenos a ser protexidos ante a violencia e o conflito, a ter escolas seguras que apoiem unha vida con calidez.

3. Posta en común de ideas

Cada grupo escribe as mensaxes realizadas nos marcapáxinas e póñenas en común.

NECESITAS

Libros, bolígrafos, folios, marcapáxinas, rotuladores.

SUXESTIÓNS

A profesora selecciona libros para realizar a actividade.

Propónse ao alumnado recadar fondos cos marcapáxinas realizados para apoiar os proxectos de escolas seguras no conflito sirio.

AO FINALIZAR

Realízase unha rolda de respostas á pregunta: As nosas mensaxes chegaron a bo fin?

EXPOSICIÓN: «A LECTURA FAINOS ESPERTAR AO MUNDO»



PROPOÑÉMOSCHE

Realizar unha exposición no centro escolar onde cada grupo-aula expón o seu libro creativo que leva por título *O mundo ten que espertar*.

PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

- En cada aula o alumnado busca frases nos libros que consideran que poden facer espertar o mundo.
- Na selección dos textos que compartir é importante ter en conta o obxectivo de participar por un mundo máis xusto, onde a dignidade, os dereitos humanos e os dereitos específicos da infancia sexan unha realidade para todos.
- Cada clase traballa na súa aula para «fiar» con creatividade e expoñer a súa creación.
- Búscase un espazo idóneo no centro para realizar unha exposición aberta a toda a comunidade educativa.

PREPARAR

Un libro creativo por aula e un espazo onde expoñer.

TEN EN CONTA QUE

A implicación do alumnado e a motivación pola actividade son fundamentais para o bo desenvolvemento da proposta.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN

PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE «MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIDADE»



Cantos marcapáxinas recibo por neno ou nena?

Cada alumno recibe un modelo con 5 marcapáxinas que se pode decorar polo reverso co tema ou motivo que o neno ou o profesor decida.

Cantos marcapáxinas teño que decorar?

s marcapáxinas decorados están en función dos lectores solidarios que o alumno ou alumna consiga, pois son eles os que comprarán o seu esforzo e creatividade.

Por que cantidade debemos vender o marcapáxinas?

O prezo é libre, pódese decidir o centro ou pódese deixar que o alumnado decida por que cantidade vender o seu traballo.

Podemos solicitar máis material se temos máis participantes?

Si, podedes pedir máis material a través do correo electrónico diadellibro@savethechildren.org ou por teléfono. En poucos días recibirédolo no centro.

Cando recolla os cartos dos alumnos, como llo entrego a Save the Children?

Unha vez recollido o diñeiro dos patrocinadores, o centro ingresa o diñeiro na seguinte conta:

BANCO SANTANDER
ES24 0049 1837 5829 1024 8925

Pódese facer por transferencia ou ingreso en efectivo.

Ao realizar o ingreso en efectivo pode xurdir problemas?

Depende da oficina da entidade bancaria. Antes de ir recomendámosvos que visitedes na nosa web [un espazo no que podedes atopar algúns consellos e documentos](#) que vos poden axudar para evitar negativas do banco para o ingreso.

Podemos ingresar o diñeiro recadado noutra entidade bancaria?

Temos contas noutras entidades bancarias; nese caso, por favor, poñédevos en contacto co Departamento de Programas en Centros Escolares. Facilitarémolos outras posibles contas bancarias de ingreso e indicarémolos os pasos que hai que seguir.

É importante indicar o nome do centro que realiza o ingreso?

Si, é moi importante nome e localidade. Desta maneira poderemos enviar o diploma de agradecemento ao centro e este pódese facer extensivo a toda súa comunidade educativa.

Se temos algunha dúbida, onde e con quen podemos resolvela?

Podedes contactar co Departamento de Programas en Centros Escolares a través de:

Tel.: 91 513 05 00



diadellibro@savethechildren.org

sol.paniagua@savethechildren.org (Marisol Paniagua, coordinadora de programas)

nieves.garcia@savethechildren.org (Nieves García, técnico de avaliación)

Marcapáxinas pola Solidariedade é unha proposta educativa que lles achega aos escolares a situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas en países empobrecidos do continente africano co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:

TOURLINE[®]
EXPRESS
Como si lo llevaras tú mismo



SOBREVIVIR
APRENDER
ESTAR PROTEXIDO



Save the Children